

Expediente n.º: 98/2026

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos.

Asunto: Reapertura extraordinaria da Bolsa de emprego para a brigada de extinción de incendios cos postos de: xefe/a de brigada, peón/peoa condutor/a e peóns/peoas.

RESOLUCIÓN ALCALDÍA

Visto que mediante Resolución de Alcaldía n.º 2026-0242 de data 11/05/2026 aprobáronse as bases e a convocatoria para a creación dunha bolsa de emprego para a brigada de extinción de incendios cos postos de: xefe/a de brigada, peón/peoa condutor/a e peóns/peoas. As referenciadas Bases foron publicadas no BOP n.º 90 de data 15/05/2026

Visto que o Concello procedeu a activación da bolsa de emprego realizando os chamamentos pola orde de puntuación que consta na Resolución de Alcaldía n.º 2026-0391 de data 30/06/2026.

Visto que mediante Resolución de Alcaldía n.º 2026-0398 de data 02/07/2026 actualízase a bolsa de emprego para os postos de xefe/a de brigada, peón/peoa condutor/a e peóns/peoas da brigada de extinción de incendios do Concello de Outes.

Visto a dilixencia de chamamento asinada con data 03/07/2026 que consta no expediente dos chamamentos realizados e visto os rexeitamentos realizados e que os citados aspirantes pasan a ocupar o último posto da lista de conformidade coa base 11ª das bases que rexen a bolsa de emprego e, polo tanto, existe a imposibilidade de constituír a brigada de incendios de conformidade coa lexislación vixente. Ao estar composta a Brigada por unha dotación mínima de persoal indispensable para garantir a seguridade fronte a riscos profesionais e asegurar a eficacia operativa no terreo resulta imposible conformar a brigada e por en marcha o servizo de prevención cun único traballador dispoñible.

Visto que en base ao anteriormente exposto existe unha inoperabilidade da lista actual e tendo en conta que atopámonos en plena campaña de alto risco de incendios e a necesidade de maneira urxente de incorporar novos aspirantes que se atopen dispoñibles.

Visto o informe emitido pola Secretaría sobre a ampliación do prazo con data 03/07/2026.

DECRETO
Número: 2026-0401 | Data: 03/07/2026

Cod. Validación: 7K697LYSCTSXJAEIJEETL66R
Corrección: <https://outes.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona.esPublico | Páxina 1 a 3



Visto que existen razóns xustificadas de interese público e de forza maior para a declaración de urxencia do proceso.

En virtude das atribucións que confire o art.21.1.g) e h) LRBRL.

RESOLVO

PRIMERO.- Declarar a tramitación de urxencia do procedemento administrativo especificamente para a presentación de instancias e solicitudes de participación na reapertura da bolsa de emprego para a brigada de extinción de incendios cos postos de: xefe/a de brigada, peón/peoa condutor/a e peóns/peoas, de conformidade co art.33 LPAC motivando a mesma por razóns imperativas de interese público e necesidade inaprazable de constituír a Brigada municipal.

SEGUNDO.- Declarar la inoperabilidade da lista da bolsa de emprego para a brigada de extinción de incendios cos postos de: xefe/a de brigada, peón/peoa condutor/a e peóns/peoas, ao contar cun único aspirante dispoñible tralos rexeitamentos aos chamamentos producidos polo resto de aspirantes, dotación insuficiente que impide tanto por razóns técnicas como de seguridade a formación e inicio da Brigada.

TERCEIRO.- Acordar a reapertura urxente e extraordinaria do prazo de presentación de instancias da referida convocatoria, publicada no BOP n.º 90 do 15/05/2026, habilitando un novo e único período de **5 días hábiles** para que os novos aspirantes poidan presentar solicitudes para a participación no referenciado proceso. O obxecto do presente prazo é exclusivamente a selección dos aspirantes necesarios para completar os postos vacantes da brigada, respectando o dereito ao nomeamento / contratación do único aspirante que permanece dispoñible na lista actual, quen conservará a súa prioridade de conformidade coa prelación orixinal así como os aspirantes que xustificaron documentalmente o rexeitamento e atópanse en suspensión de chamamentos.

CUARTO.- Ordenar a publicación inmediata do anuncio de reapertura no Taboleiro de Anuncios e na Sede electrónica do Concello de Outes.

QUINTO.- Manter a plena vixencia e obrigatoriedade das Bases Reguladoras orixinais do proceso selectivo para a creación de bolsa de emprego para a brigada de extinción de incendios cos portos de: xefe/a de brigada, peón/peoa condutor/a e peóns/peoas publicadas no BOP n.º 90 de data 15/05/2026 para todo o relativo ao procedemento que se presenten neste novo prazo excepcional.

DECRETO
Número: 2026-0401
Data: 03/07/2026

Cod. Validación: 7K697LYSCTSXJAEIJEETLP6R
Corrección: <https://outes.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3



SEXTO.- Dar traslado da presente Resolución ao departamento correspondente para a súa publicación.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

DECRETO
Número: 2026-0401 Data: 03/07/2026

Cod. Validación: 7K697LYSCTSXJAEJPEETLP6R
Corrección: <https://outes.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3

